

CLIMILLAT chega as aulas para coñecer o cambio climático no Parque das Illas Atlánticas de Galicia e a súa área de influencia

- **A Fundación Matrix coa colaboración da Xunta de Galicia e a Red de Parques Nacionales levarán as aulas os resultados do proxecto CLIMILLAT, que estuda o fenómeno do cambio climático no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e a súa área de influencia socioeconómica.**
- **Fomentar na xente nova actitudes que favorezan a protección ambiental e a promoción de comportamentos sostibles, son os principais obxectivos desta iniciativa.**
- **Beneficiáanse da actividade os centros de ensino público de Bueu, Ribeira, Vilagarcía de Arousa e Vigo que o soliciten á organización.**

Vigo, 29 de septiembre de 2021.- A Fundación Matrix levará o próximo mes de outubro aos colexios e institutos das áreas de Bueu, Ribeira, Vigo e Vilagarcía de Arousa os resultados do proxecto CLIMILLAT.

Este proxecto, financiado con cargo o programa de subvencións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Red de Parques Nacionales, recolle un estudo con datos cuantitativos sobre a realidade do cambio climático recente no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e a súa área de influencia.

O principal obxectivo deste proxecto é dar a coñecer os resultados obtidos, e promover unha campaña de sensibilización social dirixida principalmente ao alumnado de Bacharelato da área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, e indirectamente á sociedade galega.


As charlas terán lugar no mes de outubro de forma telemática, e estarán dirixidas por Alberto González, investigador especialista en Climatoloxía da Fundación Matrix. A súa misión será transmitir aos máis mozos cal é o estado actual do clima na área de estudo e o seu recente cambio acontecido.

A iniciativa busca que os alumnos sexan conscientes da realidade do cambio climático dende unha perspectiva local, e fomentar a promoción de comportamentos sostibles que reduzcan as emisións de CO₂ e coiden do medio ambiente.


En palabras de Alberto González, investigador especialista en Climatología da Fundación Matrix:

“O cambio climático é unha realidade incuestionable, e os espazos protexidos son excelentes observatorios para o seguemento do cambio global. Queremos levar os resultados obtidos do noso estudo aos máximos colexios e institutos posibles, para concienciar os mozos e mozas da importancia de comprometerse na loita contra o cambio climático”.

O seguemento do cambio climático na Rede de Parques Nacionais é particularmente importante porque este fenómeno xa está a modificar as condicións ambientais dos seus hábitats, a abundancia de especies biolóxicas e afectando aos servizos dos ecosistemas. Toda a información do cambio climático estará a disposición de tódolos cidadáns a través dun visor cartográfico e atlas dixital na páxina web da Fundación Matrix.



Illas Cíes. Fotografía: Fran Eirin

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA</p>	<p>RED DE PARQUES NACIONALES</p>
<p>Proxecto subvencionado ao abeiro da orde pola que se regulan as subvencións públicas con cargo aos orzamentos xerais do Estado na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia do exercicio orzamentarios do ano 2021.</p>	

ACERCA DE FUNDACIÓN MATRIX:

Con case 15 anos de experiencia, a Fundación Matrix, Investigación y Desarrollo Sostenible é unha organización privada e sen fins lucrativos. Nació na Universidade de Vigo, no Laboratorio de Ecoloxía Aplicada, dende un compromiso activo cos principios universais de sustentabilidade. A súa misión é contribuír de forma práctica e eficaz á sustentabilidade; preservar o medio ambiente e os recursos naturais para as seguintes xeracións, a par de, mellorar a calidade de vida da sociedade actual.

www.fundacionmatrix.com

Para ampliar información ou solicitar entrevista, contactar:

Sira March

Comunicación y Relaciones Institucionales – Fundación Matrix

comunicacion@fundacionmatrix.es | Teléfono: 682555469